

Salvador Francisco
Roel

Entremés galego
ao feliz e real
parto da nosa
raíña (1707)



ENTREMES GALLEGO,
QUE COMPUSO SALVADOR FRANCISCO ROEL,

Natural de la Coruña,


AL FELIZ, Y REAL PARTO DE NUESTRA REYNA,
(*que Dios guarde*) luego que llegó la noticia.

Sacalo aora à luz vn Amigo de el Autor. Con licencia: En
Santiago: Por Jacinto del Canto, en la Imprenta del Doctor
Don Benito Antonio Frayz.

EDICIONS

laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO





ENTREMÉS GALEGO AO FELIZ E REAL
PARTO DA NOSA RAÍÑA (1707)

EDICIÓNS
laiovento
LAIOVENTO

ENSAIO

XXX



Salvador Francisco Roel

**ENTREMÉS GALEGO AO FELIZ E REAL
PARTO DA NOSA RAÍÑA (1707)**

Edición ao coidado de Julio I. González Montañés,
Anxo Angueira e Ramón Mariño Paz

EDICIÓNS LAIOVENTO

2019

Greenpeace acredita que este libro cumpre os requisitos ambientais e sociais necesarios para ser considerado un libro “amigo dos bosques”. O proxecto “Libros amigos dos bosques” promove a conservación e o uso sustentábel da foresta, en especial dos bosques primarios, os últimos bosques virxes do planeta.

Papel certificado polo Forest Stewardship Council ®



En canto non se conseguir un consenso normativo para a lingua galega, **Edicións Laiovento** respetará a opción ortográfica de cada autor.

© Salvador Francisco Roel

© 2019, Edicións Laiovento, S.L.

Vía Pasteur, 26. Polígono do Tambre / 15890 Santiago de Compostela / Galiza / U.E.

Correo electrónico: laiovento@laiovento.com

Local na Rede: [//www.laiovento.com](http://www.laiovento.com)

I.S.B.N.: XXXXXX

Depósito Legal: XXXXXXXX

Deseño editorial: Pepe Carreiro

Imprime Tórculo Comunicación Gráfica

Vía Edison 33-35. Polígono do Tambre

15890 Santiago de Compostela

Impreso en papel ecolóxico

Este libro non poderá ser reproducido, nin total
nin parcialmente, calquera que for o medio empregado,
sen o permiso previo do editor. Reservados todos os dereitos.

1. CONTEXTO HISTÓRICO, TEATRAL E FESTIVO

Julio I. González Montañés



Nas dúas últimas décadas apareceron numerosos textos e testemuños que debuxan un panorama teatral nos denominados *Séculos Escuros* completamente diferente ao que tradicionalmente se presentou nas Historias da Literatura e aínda nas do Teatro: a escena galega estaría dominada nesa época polas compañías profesionais españolas, practicamente sen manifestacións que puidesen considerarse propias do país e cunha utilización unicamente excepcional do galego nas representacións.

O escenario que permiten entrever os novos datos é, con todo, moito máis complexo e caracterizado pola continuidade. En Galicia foron coñecidos os dramas litúrxicos en latín, existiu un teatro menor de carácter xograresco en galego, houbo teatro franciscano moi probablemente en lingua galega, coñeceu un teatro de colexio plurilingüe que incluía o galego, e estiveron sen dúbida moi estendidas as representacións populares vernáculas da Paixón. Temos tamén probas da existencia de representacións bíblicas e haxiográficas e de *Istorias* variadas a cargo de confrarías e gremios, e sabemos que en Galicia foron coñecidos os recursos escenográficos do teatro áureo, os cales foron utilizados mesmo en representacións populares¹. Ademais, sorprendentemente, o galego aparece nunha elevada porcentaxe dos textos teatrais conservados.

Hai probas do seu uso nas representacións teatrais dos xesuítas desde 1581 (*Egloga de Virgine Deipara de Monterrei*)², e na *Comedia de la invención de la sortija*,

1 Sobre o teatro en Galicia anterior a 1750 véxase o meu portal web: <http://teatroengalicia.es>

2 Na *Égloga* aparece abundantemente o portugués trasmontano en boca do personaxe chamado *Lusitanus*, e ao final todos os actores conclúen a representación cantando un himno en galego (cf. González Montañés 2007: 264, e a recente edición de Alonso Asenjo 2018: 208). Antes de 1581 temos probas do uso do galego no colexio de Monterrei nos “papeles de varias composiciones (...), en verso y prosa, en lenguas latina, griega, hebrea, española, gallega y portuguesa” que os alumnos colgaron polas paredes da igrexa en 1572 con motivo dunha celebración polo traslado dos restos mortais do Conde de Monterrei á

representada en Monforte en 1594, o seu autor xesuíta incluíu un paso de 52 versos en galego, o *Entremés de Janiño e os pastores*³. Quizais sexa tamén xesuíta, e está escrito integramente en galego, o *Entremés de los gallegos* da BnE (Ms. 15403)⁴, obra datable cara a 1640, probablemente representada en Monforte, e testemuño en todo caso como o *Entremés de Janiño* da existencia dunha tradición entremesística en galego anterior ao *Entremés famoso* ou *Contenda dos labradores de Caldelas*. O *Entremés famoso* de Feijoo de Araúxo non é, como se veu afirmando, unha obra illada e unha excepción, senón que conta con precedentes e ten paralelos no século XVIII como o *Entremés* de Roel (1707) e o *Entremés del portugués* (ca. 1710)⁵.

Este último, escrito maioritariamente en galego/portugués e quizais representado en Monterrei, é obra con case total certeza xesuítica, probablemente do Padre de Quiroga Luís de Losada e Prada, autor así mesmo dunha obra teatral que se representou con seguridade en Galicia e na que se inclúen tres cuartetos en galego: a *Loa a la dedicación del nuevo camarín de N^a S^a de las Hermitas* (1729)⁶.

En galego escribíronse tamén o *Diálogo de Alberte e Bieito* (1595-96), interesante exemplo de teatro nobiliario relacionado co Conde de Gondomar e a súa estancia en Galicia a finais do século XVI⁷, e o *Entremés famoso sobre*

vila (sobre o uso do galego no teatro dos xesuítas cf. González Montañés, no prelo).

3 Cf. Cortijo / Zugasti (2016: 188-190). A *Comedia* de Monforte foi atribuída recentemente, con bos argumentos, ao Padre Diego Díaz Rengifo, o cal, aínda que nacido en Ávila, pasara vinte anos no colexio de Monterrei, polo que podería saber galego (polo menos, consta o seu “aprecio de los gallegos”, e o seu dominio do castelán, o latín e o grego). Cf. Sáez González (2018).

4 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2Ffdh1A>

5 Cf. González Montañés (2016).

6 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2ACqIYz>

7 Cf. Álvarez Blanco / Rodríguez Montederramo (2002).

la pesca del rio Miño (Gabriel Feijoo de Araújo, 1671), durante moito tempo considerado como a partida de nacemento do teatro galego⁸.

O galego é, así mesmo, a lingua do fragmento conservado do *Entremés de Toribio* (ca. 1700)⁹, o asturiano de Ibias Isidoro Colloto incluíu unha redondilla en galego na súa *Loa a la despedida del Collegio*, representada en 1717 no mosteiro e colexio bieito de Santo Estevo de Ribas de Sil¹⁰, e tamén Diego A. Cernadas de Castro, o cura de Fruíme, empregou o galego nas *Loas, Autos e Coloquios* que escribiu para que as representasen o seu sancristán, criados e fregueses nas festas das Dores da parroquia.

As obras do cura de Fruíme son pezas bilingües (castelán/galego), pero na *Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruime*, descuberta manuscrita en 2017 por Damián Suárez Vázquez, o galego é a lingua predominante¹¹, e a *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruime*, aínda que maioritariamente en castelán, inclúe un *Diálogo da lavandeira e o peregrino* no que a *lavandeira* utiliza o galego¹². Hai ademais probas de que na súa forma orixinal as pezas de Fruíme tiñan máis personaxes que falaban en galego, cuxos diálogos se traduciron para a súa publicación (consta, por exemplo, que *Botica* utilizaba o galego no *Coloquio entremesado entre el Sacristán y los Domésticos del Cura de Fruime*)¹³.

8 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2C5FHu8>

9 Cf. Carballo Calero (1978: 103 e 112).

10 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2VAhyVn>

11 Cf. Suárez Vázquez / *Mariño Paz* (no prelo). A obra, nun acto, tres escenas, con canto e 516 versos octosílabos, está escrita maioritariamente en galego aínda que o título aparece en castelán e un dos seis personaxes da obra (o sancristán Carlos) fala en español.

12 O parlamento en galego da lavandeira aparece tamén, como peza independente e nos beizos dunha *labradora*, nun manuscrito da Real Academia Galega que contén poesías do cura de Fruíme (ARAG. Caixa 184-31-4, fol. 15-16).

13 Na versión impresa das *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme* (Madrid: Joachin Ibarra, 1781, vol. VII, p. 400), debaixo do título aparece a seguinte aclaración: “Nota: Este papel, que leido apenas tendrá gracia, tuvo alguna representado, por-

As dúas *Loas* e o *Coloquio* que conservamos de Cernadas para a festa da Virxe das Dores de Fruíme redactáronse despois de 1760¹⁴. Porén, na *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos* indícase que a representación dunha *Loa* na festa do 15 de setembro fixérase “siempre” en anos anteriores, polo que cabe supoñer, tendo en conta que a confraría das Dores de Fruíme fundouna Cernadas en 1734, que as representacións en galego poderían ter comezado na parroquia antes de 1750. En calquera caso, as obras do cura de Fruíme forman parte dunha secuencia de pezas teatrais breves nas que se utiliza o galego, a cal se estende ao longo da segunda metade do século XVIII nas representacións de José Cornide en Sada¹⁵ e en obras populares como o *Entremés de Bora* do canteiro Gregorio Couto¹⁶, chegando

que los interlocutores fueron propia, y personalmente los mismos que lo ejecutaron, y cada uno hablaba con sus propias modales. El de Botica estaba en Gallego, y aquí (por que el Señor Mones apostató de serlo) se pone en Castellano, pero a costa de perder mucha sal de la que tendría en nuestro idioma”.

- 14 Perdida *La Débora victoriosa y la triunfante Jabel* de 1763 (cf. nota 41), o que temos do teatro de Cernadas para as festas de Fruíme son a *Loa para la fiesta de los Dolores de la Soledad de Fruíme* (Ms. ARAG. Caixa 184-31-5, 1775), a *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruíme*, e o *Coloquio entremesado entre el Sacristán y los Domésticos del Cura de Fruíme*. Estas dúas últimas pezas aparecen impresas nas *Obras en prosa y verso del Cura de Fruíme* (Madrid: Joachin Ibarra, 1781, vol. VII, pp. 318-416), e a primeira delas imprimiuse antes en *El Cura y el Sacristán: Calendario doloroso por el piscator de Fruíme...*, Madrid: Imp. de D. Gabriel Ramírez, 1762, pp. 91-128: *Loa para la fiesta de los dolores gloriosos de María Santísima en Fruíme, dispuesta por lo mismo en estilo proporcionado à la capacidad de los Recitantes, y del Auditorio*.
- 15 O polígrafo ilustrado D. José A. Cornide Saavedra fixo levantar en Sada un pequeno teatro para representar “obras escritas en gallego” que non se conservan. Probablemente algunhas eran do propio Cornide, outras do cura de Fruíme (súa era unha *Loa* a Carlos III que se fixo en 1761), e tamén se representaron comedias españolas como *Afectos de odio y amor* de Calderón, así como entremeses en galego cuxos argumentos coñecemos pola descrición que o propio José Cornide fai, nunhas *Décimas* en galego publicadas por Murguía en 1917, das festas celebradas en 1761 na Real Maestranza de Sada con motivo do primeiro aniversario de Carlos III sendo rei de España.
- 16 Peza moi breve (69 v.) da segunda metade do século XVIII, en galego salvo os parlamentos en castelán do *vello* cando fala como alcalde. Cf. Bouza-Brey (1949: 6-9). Ms. no ARAG. Caixa 172-3.

os seus ecos ata principios do século XIX (*A Casamenteira* de A. Benito Fandiño, 1812), xa ás portas do *Rexurdimento*.

Por outra banda, en castelán temos abundantes noticias –e algúns textos compostos en Galicia– que proban a existencia de representacións teatrais nos séculos XVII e XVIII, tanto nos colexios dos xesuítas e dos bieitos como na Universidade, e tamén a cargo dos gremios, de estudantes, e de compañías semiprofesionais locais nas *Festas* cidadás, todas elas á marxe das numerosas actuacións coñecidas de compañías profesionais españolas¹⁷.

Neste contexto, resulta de grande interese o *Entremés gallego* do coruñés Salvador Francisco Roel (1707), xa que é o primeiro texto autónomo conservado impreso en galego, un século anterior ao máis antigo ata agora coñecido¹⁸, e, por tanto, tamén a primeira obra teatral en galego impresa en Galicia¹⁹. Estampouna en Santiago de Compostela, cara

17 Véxase a miña base de datos en internet: <http://representaciones.teatroengalicia.es>

18 Os primeiros textos conservados impresos en galego son os sonetos de Juan Gómez Tonel e Pedro Vázquez de Neira que aparecen na *Relacion de las exequias que biço la Real Audiencia del Reyno de Galiçia á la Magestad de la Reyna D. Margarita de Austria...* (Santiago, Imp. de Ioan Pacheco, 1612), seguidos polos doce *Romances* en galego incluídos na impresión das *Fiestas Minervales* compostelás de 1697 (Santiago, Imp. de Antonio Frayz Piñeiro). O primeiro texto autónomo impreso en galego coñecido, antes de que atopase esta peza en outubro de 2017, era o romance anónimo intitulado: *Un labrador que foy sarxento ós soldados do nobo alistamento*, que se imprimiu como folla solta e circulou cara a 1808 (consérvase un exemplar do impreso orixinal na biblioteca da Universidade de Santiago, sign. RSE. PAP. VAR 7 25, dado a coñecer por Mariño Paz e Suárez Vázquez en 2012). Á mesma época da guerra contra os franceses pertence o que durante algún tempo foi considerado como impreso independente en galego máis antigo: as *Proezas de Galicia, explicadas baixo la conversación rústica de los dos compadres, Chinto y Mingote*, obra de José Fernández y Neyra, funcionario da fábrica de tabacos da Coruña (A Coruña, Imp. de Vila, 1810).

19 Na categoría de obras teatrais impresas en Galicia (pero en castelán), o *Entremés* de Roel ten como precedentes as *Loas* e os *Autos* (ca. 1697-1702) de José Vallo de Porras (véxanse as miñas fichas: <https://goo.gl/sx4vju>), e compite na cronoloxía coa *Loa* en castelán representada en Ourense o 5 de setembro de 1707 e recollida no *Clarín de la Fama* (1708, véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2VHjjQB>).

a 1708-1712, Benito Antonio Frayz para o editor Jacinto del Canto co seguinte título en castelán: *Entremes gallego, que compuso Salvador Francisco Roel, Natural de la Coruña, al feliz, y Real parto de nuestra Reyna, (que Dios guarde) luego que llegó la noticia. Sacalo ahora à luz un Amigo del Autor. Con licencia: En Santiago: Por Jacinto del Canto, en la Imprenta del Doctor Don Benito Antonio Frayz*. Conservouse nun exemplar incluído ao final dun volume facticio de pezas teatrais soltas, reunidas baixo unha portada para a súa venda por un libreiro madrileño baixo o título de: *Jardin ameno de varias y hermosas flores: cuyos matizes, son doze comedias escogidas de los mejores ingenios de España. En Aplauso del Rey N.S.D. Felipe V: y las ofrece a los curiosos vn aficionado: parte unica*, Herederos de Gabriel de León?, Madrid, 1712, nº 12 [8 pp.] (BnE: sig. TI/120, nº 12)²⁰.

Pouco é o que puiden atopar sobre a biografía deste novo autor da literatura galega, “natural de la Coruña” segundo o encabezado da edición do seu *Entremés* (“hijo de esta ciudad” din as actas municipais coruñesas de 1707). O apelido Roel, orixinario da zona de Abegondo, está documentado, polo menos desde o século XVII, na cidade herculina e en Betanzos entre escribíans e rexedores, e a análise lingüística da súa obra apunta cara a unha variedade de galego que se podería dar entre A Coruña e Carral ou A Laracha. Case nada máis sabemos da súa traxectoria, agás que foi autor tamén dunha *Relación* perdida das festas coruñesas polo nacemento do príncipe Luís, escrita “en sonetos y décimas de mucha erudición y elegancia” (cf. *infra*).

20 Mencionan a peza, o nome do seu autor e os versos de inicio e final, os seguintes catálogos teatrais: La Barrera (1860: 332), Urzaiz Tortajada (2002: 562) e o catálogo informatizado da BnE. Sobre as obras filipistas contidas na recopilación de 1712 cf. Etienvre (2005). Para o *Entremés* de Roel cf. González Montañés (2018). Menciona os festexos coruñeses Fernández Gasalla (2018: II, 864).

1.1. O CONTEXTO FESTIVO E TEATRAL DO ENTREMÉS

*Decès moy bèn, miña Dona,
que vnba noba coma essa
e justo que os Españoles
a festejen pola terra;
porque já che ay grandes anos
que moyto se che deseja²¹.*

Salvador Roel escribiu o seu *Entremés* para representalo no curso dos festexos que tiveron lugar na Coruña para celebrar o nacemento do príncipe Luís Fernando o 25 de agosto de 1707. A noticia do natalicio chegou á cidade o 30 de agosto por carta de D. Pedro Fernández del Campo, II marqués de Mejorada e, de inmediato, os rexedores fixeron pregoar un bando comunicando á poboación o “feliz suceso” e ordenando aos veciños “de cualquier estado y calidad” que limpasen as rúas, acendesen luminarias e adornasen as fachadas das súas casas “con las mejores colgaduras que fuese posible, teniendo presente sale su Divina Magestad Sacramentado”. No bando municipal anunciábanse tres días de “fiestas y regocijos”, cuxa organización se encargou ao secretario D. Diego de Andrade, festexos que incluírían funcións relixiosas (sermón e misa pontifical en San Domingos con máis de 60 cregos), e procesión xeral da cidade o sábado 3 de setembro con “su Divina Magestad patente y la Virgen Santísima del Rosario”, os gremios “con los santos aliados y pendones y andas”, os xigantóns, a Coca e música²². Habería tamén fogos artificiais, touros,

²¹ *Entremés*, ls. 222-226.

²² “El gremio de la zapatería con la sierpe y los mas gremios con sus danzas en la misma conformidad que el día de Corpus, añadiendose mas los jigantones”: AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 195r. Da música da procesión encargouse o sochantre “Alvarez ... y más compañeros músicos”, e para a función relixiosa en San Domingos o concello quería contratar a D. Joseph Taboada y Camba, organista da Sta. María do Campo, e a outros dous músicos e dous cantores da capela musical da colexiata (fols. 192-193), pero o Cabido, posto a mal coa Cidade, “no quisso darles permiso no obstante de pagarle mucho mas de lo acostumbrado” (fol. 208r).

danzas gremiais “en la misma conformidad que el día de Corpus”, máscaras de a caballo e representación de comedias:

...y desde el primer día que recibió por mano del señor Marques de Mejorada la feliz noticia del nacimiento de nuestro amado y deseado Principe lo puso en noticia del Real Acuerdo manifestandole las disposiciones de fiestas que se han dispuesto y como habian de comenzar luminarias y fuegos el mesmo día treinta de agosto y que durarian hasta el viernes, y que en este día se correrian los toros y que el sabado era la procesion general de Maria Santissima del Rosario y su soberano hijo sacramentado, y el domingo misa pontifical que dixera el señor obispo y sermon, y que siguieron comedias y otras fiestas...²³

Xa mencionei que o propio Salvador Roel escribiu unha relación das festas que foi levada ao prelo en Santiago a finais de 1707 aínda que desgraciadamente hoxe non existe ningún exemplar coñecido do impreso e quizais se perdeu definitivamente (*Fiestas, que hizo la nobilissima, y siempre leal ciudad de la Coruña al real, y felicissimo nacimiento de nuestro Principe de Asturias, D. Luis primero de España. Cuya noticia llegó à esta ciudad el día 30 de agosto, de este año de 1707. Refierelas Salvador Francisco Roel. Divididas en très partes por sus días*)²⁴.

Porén, nas actas municipais coruñesas de 1707 hai datos que permiten reconstruír o programa dos festexos e fixar a data exacta e o lugar da representación do *Entremés*, ademais de confirmar a existencia da *Relación* de Roel:

23 AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1. Acta de 07/09/1707, fol. 197v e 198r.

24 Santiago de Compostela: Jacinto del Canto, 1707 (12 fols., en 4º). Non puiden localizalo en ningunha biblioteca pero sabemos da existencia do impreso porque tiña un exemplar antes de 1842 Alexandre Martineau de Soleinne, o cal foi catalogado polo bibliófilo Paul Lacroix con vistas á poxa na que os herdeiros de Martineau venderon os seus máis de 5000 impresos e manuscritos teatrais (cf. Jacob 1844: 53-54, nº 240).

En este ayuntamiento se ha visto un memorial de Salvador Francisco Roel, hijo de esta ciudad, en que le ofrece, por recordar de todas las fiestas con que estos señores corregidores y los capitulares de ella habian manifestado su lealtad y afecto en el nacimiento del principe de Asturias, su argumento día por día en sonetos y decimas de mucha erudicion y elegancia. Y porque no es justo se sepulten en el olvido demostraciones tan celebradas, sera muy proporcionado del afecto de la ciudad se de a la estampa, para que sea notorio a toda España.

Y visto por la ciudad, acordo se le encargue al mismo Salvador Francisco Roel llevarlo asi a la imprenta. Y dela a estampa dicha obra con toda brevedad y con obligacion de remitir cien copias a la Ciudad, que se le pagara todo el coste. Y asi lo acordaron y firmaron²⁵.

En principio estaban previstas tres xornadas de festa oficiais, pero se contamos desde o día 30 de agosto, cando se coñeceu a noticia e empezaron as luminarias e fogos artificiais, ata a procesión do Real Acuerdo e o Cabido da colexiata do 12 de setembro, foron en realidade dúas semanas de festexos como afirma unha acta municipal de outubro na que se ordena librar 12.000 reais para pagar as festas: “se comenzo a festexar con la noticia por espacio de catorze días en que se han continuado las fiestas y regozijos con gran admiracion de todo el pueblo asi naturales como extranjeros”²⁶.

A razón pola cal se estenderon os festexos foi a competencia entre as distintas institucións da cidade por demostrar a súa fidelidade a Filipe V e os habituais

25 AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1. Acta de 20/10/1707, fol. 214. Á marxe: “Relación de las fiestas en verso”. Na acta de 05/11/1707 (fol. 221v) consta o custo da impresión (240 reais) que se pagaron do “arbitrio de octabas” a Salvador Roel, “a quien hizieron encargo la descripción de las fiestas que se han echo por el nacimiento del señor principe”. Roel recibiu ademais unha gratificación de 50 reais “por su trabajo”.

26 AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1. Acta de 29/10/1707, fol. 219.

conflitos de protocolo entre elas, reflexo sempre das disputas xurisdicionais, que no caso que nos ocupa acabaron levando a prisión o escribán municipal Juan Ignacio de Ortega y Castro, detido e encarcerado por orde do oidor do Real Acuerdo. Con todo, grazas ao reflexo destes conflitos na documentación municipal coruñesa, sabemos que as comedias preparadas polo Concello, nun intermedio das cales debeu de representarse o *Entremés*, fixéronse a tarde do martes 6 de setembro nun taboado levantado diante das “Reales Casas”, é dicir ante a primitiva sede municipal demolida en 1722, a denominada Casa da Fariña, na praza entón do mesmo nome e actualmente Praza de Azcárraga.

En este ayuntamiento el señor Corregidor dio cuenta a la Ciudad como ayer tarde seis del corriente, hallándose ya sentado en forma de Ciudad con dichos caballeros Regidores, Procurador general y secretario del Ayuntamiento en el balcon de estas Reales Casas, frente al tablado en que se representan las comedias, que entre otras muchas fiestas hace esta Noble Ciudad manifestando su lealtad en la feliz y dichosa noticia del parto de la Reina nuestra señora...²⁷

Os datos documentais levan a pensar que o *Entremés* é unha obra redactada apresuradamente, como moito nunha semana, a non ser que Roel a tivese preparada de antemán para as festas polo parto da Raíña e que a concluíra ao coñecerse o nacemento dun infante. O título do impreso do *Entremés* afirma que Salvador compúxoo “luego que llegó la noticia”, é dicir, non antes do 30 de agosto de 1707, pero sabemos que o concello coruñés tiña preparado o programa de festexos, xa que as actas municipais se refiren

27 AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1. Acta de 07/09/1707, fol. 197.

o mesmo día 30 ás comedias, touradas, fogos..., “y lo mas que esta dispuesto para la fiesta”.

Parece claro que as comedias terían que estar dispostas e ensaiadas previamente, xa que non hai ningunha noticia da presenza na Coruña nin en Galicia dunha compañía teatral profesional en 1707, e tanto o *Entremés* como as comedias deberon de representalas actores *amateurs*, do mesmo xeito que sucedeu nas festas de Ourense, Lugo, Vigo ou Pontevedra polo mesmo acontecemento²⁸. A súplica final no *Entremés* a “Miña Virgen do Portale” permite supoñer que o representase o gremio de zapateiros, xa que a Virxe coruñesa do Portal (Colexiata de Sta. M^a do Campo) era a patroa da súa confraría. Tales representacións teatrais a cargo de veciños están abundantemente documentadas en Galicia no século XVIII, época na que desaparecen as noticias sobre actuacións de compañías castelás, e no mesmo mes de setembro de 1707 temos noticias de representacións gremiais noutras cidades galegas con motivo do nacemento do príncipe Luís.

1.2. TEATRO E FESTAS FILIPISTAS EN GALICIA EN 1707

*Comedias, si algún tiempo aquí vinieron,
luego de suyo sin parar se fueron...*²⁹

1706 foi un *annus horribilis* para a causa de Filipe V, pero en 1707 unha serie de acontecementos (vitoria de Almansa, entrega de Valencia, rendición de Zaragoza e

28 No caso coruñés temos noticias de representacións a cargo de veciños en abril de 1690 nas festas pola chegada á cidade da raíña Mariana de Neoburgo (“la Ciudad tuvo a su Magestad por las Tardes diferentes Comedias muy bien representadas, y vestidas”, di a *Quarta noticia diaria en que se prosigue la Real jornada de la Reyna...Doña Maria Ana de Babiera*, Madrid, Imp. del Reyno, 1690, p. 2), e tamén houbo comedias representadas por veciños en 1713 no convento de San Domingos nas festas pola canonización de San Pío V.

29 J. Antonio Butrón y Múxica (S. J.), *Descripción del Reino de Galicia*, ca. 1701 (BnE, Ms. 3705, fol. 4).

Lleida, nacemento do príncipe Luís...) pareceron virar definitivamente a roda da fortuna a favor dos intereses do Borbón. Aínda daría moitas voltas a roda ata 1712, pero ao final do verán do *annus mirabilis* de 1707, rexeitadas as incursións portuguesas no sur de Galicia e relativamente afastadas as escuadras anglo-holandesas das costas galegas, o final do conflito parecía próximo e a ocasión propicia para as celebracións e a procura dun consenso social que permitise afrontar o último esforzo nas aportacións para a guerra.

A Guerra de Sucesión non se librou só nos mares e os campos de batalla. Fíxoo tamén no terreo da opinión pública e ambos os bandos utilizaron intensivamente a propaganda para atraer partidarios á súa causa, inflamar os ánimos, e aldraxar, ridiculizar e tentar desmoralizar o contrario³⁰. Ata 1707 foron os austracistas os que levaron a iniciativa no terreo da publicística, pero Almansa e o nacemento do príncipe Luís proporcionáronlles aos borbónicos os argumentos e a ocasión para lanzar un contraataque propagandístico no que se utilizaron os sermóns, a poesía, as festas, o teatro popular, a música (*villancicos*), a pintura, as *Relacións* e os papeis políticos e satíricos.

Tanto a noticia do embarazo da raíña como a da vitoria de Almansa e a toma de Valencia celebráronse en Galicia con lumeiradas, fogos artificiais, procesións, máscaras de a cabalo, folións e danzas³¹, pero nas festas

30 “Inflamar con las fiestas los corazones del ardiente zelo”, din as actas municipais coruñesas (AMC. C-301-1, fol. 219v). O traballo pioneiro sobre a publicística na Guerra de Sucesión é o de Pérez Picazo (1966). Sobre o asunto véxase tamén: Borreguero Beltrán (2003), González Cruz (2002, 2004 e 2009) e López-Cordón (2009). Para Galicia, López López (2007).

31 En Vigo, por exemplo, celebrouse a noticia do “preñasgo de Nuestra Reyna”, a vitoria de Almansa e a toma de Valencia, e houbo así mesmo festas polo “felix subseço del parto” [AMV, *Libro de Acuerdos de 1707-08*, PLE-16, fols. 42r, 58r e 65]. En Santiago tamén se celebrou o “preñado de la Reyna” (véxase a descrición anónima titulada: *Gratitud sacra y festiva: Lucido desvelo, que formó*

polo nacemento do príncipe a todas estas manifestacións festivas engadíronse sermóns e oracións gratulatorias que se difundiron por medio da imprenta, e numerosas representacións teatrais³². Máis de vinte representacións están documentadas en Galicia durante os festexos que as diferentes cidades celebraron polo nacemento do futuro Luís I, incluíndo tanto comedias de autores recoñecidos como *Loas*, *Entremeses*, *Historias*, e *Mojigangas*, varias delas compostas para a ocasión.

1.2.1. Ourense

En Ourense representáronse durante as festas catro comedias españolas famosas, unhas espectaculares *Historias de la Guerra de Sucesión* e unha *Loa* a Filipe V e o príncipe Luís, en castelán, obra probablemente do xesuíta galego Luís de Losada³³. Coñecemos con detalle o

la lealtad con los más subidos colores de su cuidado... por la feliz noticia de el preñado de la Reyna nuestra Señora D. María Luysa Gabriela de Saboya..., Imp. Antonio de Aldemunde, Santiago de Compostela, 1707), e a vitoria de Almansa, vitoria que seguiu conmemorándose, convertida en festa perpetua, todos os 25 de abril, día de San Marcos, en cumprimento dos desexos manifestados polo propio Filipe V nunha carta enviada ao Deán e Cabido (ACS, IG 0373 fols. 169 r-170v). Hai tamén probas da celebración do embarazo da raíña e das vitorias de Almansa e Valencia tanto en Pontevedra como en Lugo ou en Mondoñedo (cf. *infra*), e tamén na Coruña (AMC, *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 114), vila na que se celebrou así mesmo en xuño a toma de Zaragoza e a da localidade portuguesa de Serpa (AMC, *ibid.* fol. 137). En Ourense consta a celebración do embarazo real (con corrida de tres touros) e en novembro de 1707 a caída de Tortosa, con tres días de festexos nos que participaron os gremios e confrarías (luminarias e catro touros na Praza Maior); cf. Fernández Alonso (1893: 99-100 e 106).

- 32 O Capitán Xeneral, marqués de Risbourg, cursara cartas ás autoridades locais ordenando celebrar coa maior solemnidade e aparato posible o nacemento do herdeiro, e as cidades galegas rivalizaron nos seus esforzos festivos. A Corte celebrou as festas polo natalicio os días 25-27 de agosto, e o Rei promulgou un decreto de amnistía que incluíu o levantamento do desterro dos condes galegos de Lemos e Monterrei (*Gaceta de Madrid* 30/08/1707, p. 140).
- 33 A *Loa*, representada o 5 de setembro, é un resumo dos acontecementos da guerra de Sucesión desde os seus comezos ata a vitoria filipista na batalla de Almansa, e un eloxio da Monarquía borbónica, de Filipe V e do recentemente nado príncipe Luís. Cadra cunha atribución a Losada o estilo da peza e a súa

desenvolvemento dos festexos ourensáns (30 de agosto-11 de setembro) polo relato do xesuíta aragonés Padre Joseph Antonio Butrón y Múxica, impreso coas composicións presentadas ao certame literario convocado en honra do príncipe, nun volume titulado: *El Clarín de la fama y cithara de Apolo...*³⁴. Grazas ao *Clarín* conservamos o texto da *Loa* e sabemos os títulos das comedias representadas: *La fuerza de la ley* e *El mejor par de los doce* de Agustín Moreto, *El Conde Lucanor* de Calderón, e *Dios hace justicia a todos* de Francisco Villegas.

Do relato de Butrón dedúcese a existencia dunha intención política na selección das obras, e é evidente a dimensión propagandística das *Historias* que representaban “los sucesos felices del Rey, en la entrada a la Monarquía sus lides y sus triunfos”. O 9 de setembro, na praza maior fíxose un desfile de carrozas, todas elas cubertas de símbolos, xeroglíficos e *letrillas*, e poboadas por personaxes alusivos ás grandezas da monarquía borbónica ou representando os principais protagonistas da Guerra de Sucesión (o Rei Felipe V e D. Pedro de Portugal, os gobernadores de Galicia Híjar e Risbourg, etc.). Alzáronse tamén estrados que representaban as vilas de Madrid, Salvatierra, Monzón, etc., e, con abundante gasto de pólvora, reproducíronse simbolicamente as batallas de Almansa e Valencia e a caída e recuperación de Madrid.

Apeáronse los secuaces del Archiduque, y se pusieron en un tablado que representaba el Reino de Valencia (...), y mientras ellos quedaban allí, el rey nuestro señor cargó con los suyos sobre las plazas de Monsanta y Salvatierra, que

estrutura (música, personaxes alegóricos mesturados con outros cómicos...), o seu filipismo militante, coñecido en Losada e a súa familia, e os eloxios a Galicia: “Mueran los Reveldes [portugueses], y triumphe Galicia!”. Cf. González Montañés (no prelo).

34 Cf. Butrón y Múxica / Cossío y Bustamante (1708).

estaban en el lienzo del Cabildo, y remedando una batalla porfiada, quedaron por nuestro Gran Philipo, y luego se retiró a la parte que representaba la villa de Madrid, quedando alguna guarnición de los nuestros en ellas. Salieron después las tropas del Archiduque, y arrojándose sobre las referidas plazas, las recobraron. Fueron hacia la villa de Madrid, y la ocuparon, y nuestro Gran Monarca se pasó hacia la Rúa Nueva. Subieron los enemigos al tablado, y el personaje que representaba el Principado de Cataluña, enarbó el estandarte por el Archiduque. Volvieron a marchar los nuestros, y recobraron a Madrid, retirando a brida suelta a los contrarios hasta encerrarlos en Valencia (que fuera mejor encerrarlos en un hospital o en Argel) por más que repetidas veces osaron rehacerse para rechazar nuestras tropas; y aun no pararon allí, sino que apretados de continuos balazos, dejaron el Reino a los nuestros, que fue como desamparar a Aragón y dejar cogido por la garganta el Principado de Cataluña, con todas las dependencias de España y Italia (Dios nos oiga) repitiendo la plaza vítores tantos al Rey Nuestro Señor, que ya faltaba respiración para los alientos³⁵.

No caso das *Historias*, sabemos que a representación correu a cargo de confrarías e gremios, que xa estrearan a obra o 16 de agosto con motivo da festa de San Roque, e polo que se refire á loa e as comedias, os actores deberon de ser tamén veciños ou semiprofesionais. Este tipo de representacións a cargo de veciños e autores/actores afeccionados son relativamente abundantes en Galicia no século XVI, diminúen no XVII coa irrupción das compañías profesionais castelás, andaluzas e levantinas, e volven aumentar na primeira metade do século XVIII cando as compañías españolas deixaron de vir a Galicia, como o proba a súa desaparición da documentación e o confirma o Padre Butrón y Múxica, fincado en Galicia desde 1697, na cita da súa feroz sátira antigalega en verso que encabeza

35 Cf. Butrón y Múxica / Cossío y Bustamante (1708: 113-114).

este capítulo: “Comedias, si algún tiempo aquí vinieron, luego de suyo sin parar se fueron”.

As razóns desta ausencia son varias: influíron sen dúbida as condenas eclesiásticas e a actitude dalgúns prelados que interviñeron para que as autoridades expulsasen compañías de Galicia ou non lles desen licenza para actuar nas cidades³⁶. Tamén deberon de influír os conflitos bélicos de principios do século XVIII, que dificultaron ou imposibilitaron o desprazamento das compañías, e probablemente un cambio de gusto do público galego, consecuencia das transformacións económicas e sociais que se produciron en Galicia no século XVIII. O caso é que na devandita centuria fanse cada vez máis frecuentes as noticias de representacións a cargo de actores afeccionados, e consta que había nalgunhas vilas actores especializados nos papeis de *gracioso*, aínda que quizais non o había en Ourense como di, xogando coas palabras, o Padre Butrón na súa presentación da comedia *La fuerza de la ley*: “Siempre representaron en esta Ciudad bien; pero ahora se excedieron (...) Aver gracioso fue mucho: que en Orense nadie haze el bobo”³⁷.

36 A compañía zamorana de Juan Flores foi expulsada de Galicia en 1671 polo Capitán Xeneral, e a de Serafina Manuela en 1681 (cf. Pérez Costanti 1925-27: II, 42 e 45-46). En 1700 unha compañía descoñecida foi obrigada a saír de Pontevedra a instancias do arcebispo de Santiago Antonio de Monroy, o cal agradeceu por carta ao Concello que seguise as súas recomendacións: “por los inconvenientes que trae consigo el permiso que se suele conceder a semejante gente en los pueblos” (cf. Fortes Bouzán 1993: 433).

37 A inexistencia dun *gracioso* en Ourense a principios do século XVIII confírma en 1720 unha representación de catro comedias a cargo dos “Cavalleros boladores” da cidade, para a cal o concello se comprometeu a proporcionar escenario e tremoias, e contratar: “Grazioso a proposito que lo sea el de la Villa de Monforte, o el de Pontebedra” (véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2TAw6Cz>).

1.2.2. Pontevedra

En Pontevedra celebrouse o 16 de febreiro de 1707 a nova do preñado da raíña cun *Te Deum*, procesión das comunidades relixiosas e dos gremios con estandartes e música, as habituais luminarias, repique de campás e iluminacións no concello “como se estila y acostumbra”. Fixéronse tamén festas en xuño para celebrar “la victoria que las armas de nuestro catolico Rey D. Felipe Quinto tubo de los enemigos en el reino de Valencia”, precedidas dunha procesión coa Virxe da O ata Santa Clara para pedir bo tempo no día fixado para a festa.

Os festexos polo natalicio, “cossa tan deseada en esta monarquía a muchos años”, duraron dúas semanas, do 11 ao 23 de setembro, pero desde xullo hai datos dos preparativos na documentación municipal³⁸. Houbo finalmente neles os habituais fogos artificiais³⁹, lumeiradas, touros na praza da Ferrería, danzas gremiais (de arcos, de espadas, mourisca, “danza de gala con dos gigantes y otra de negros... y por la noche otra de pastores”), procesión xeral con sermón, e representacións teatrais de *Historias* e comedias que o concello tiña preparadas desde principios de agosto: “entre las fiestas que se han de hazer, esta dispuesto el que se hagan dos comedias en dos días en cada uno la suya (...) cuyos papeles tiene ya entregados a los diferente sujetos que los hizieren”.

38 Os datos sobre os festexos pontevedreses polo natalicio do príncipe atópanse no *Libro de Consistorios de 1707* (AHPPPO, leg. 23-7, fol. 31v-32v) e foron publicados parcialmente por Fortes Bouzán (1993: 433-434). As libranzas polos gastos nos fols. 35r e 36r do devandito *Libro*. A nova do natalicio chegou a Pontevedra o 9-10 de setembro e as festas comezaron o 11, pero nas actas de xullo (fol. 19v) hai xa referencias a “las fiestas que se pretenden hacer en esta ciudad por el parto de nuestra reina”, e ás “diferentes fiestas cuando su divina Magestad alumbre a nuestra Reina M^a Luisa Gabriela de Saboya con infante o infanta”.

39 Nos “fuegos de diferentes ymbenciones (...) que son de todo genero” gastáronse dez quintais e medio de “polvora bastarda”, oito e medio pagados polo concello (3.400 reais) e dous doados polo “gremio de mercaderes asturianos que ay en esta villa” (AHPPPO, leg. 23-7, fol. 20v).

As comedias foron finalmente tres: dúas de Calderón (*Casa con dos puertas, mala es de guardar* e *El triunfo de las armas de la Hermosura*) e unha de Pedro Destenoz y Lodosa (*El soldado más herido y vivo después de muerto, San Sebastián*). As *Historias* eran catro, unha de tema descoñecido representada polo gremio de carpinteiros e canteiros, e outras tres tituladas: *Historia de Joseph vendido*, *Historia de la Reina sultana* e *Historia de las Amazonas*.

Estas *Historias* representadas polos gremios existiron noutras vilas de Galicia. Hai noticias delas, ademais de en Pontevedra, na Coruña, Santiago, Ourense, Pontedeume, Betanzos e Ribadavia, localidade onde perviviron máis que en ningunha outra⁴⁰. D. Antonio Cernadas de Castro, o cura de Fruíme, describiunas con notable precisión no prólogo do seu perdido *Auto* titulado *Débora victoriosa y la triunfante Jabel* (1763):

A esta especie de representacion de que usan algunas Poblaciones cultas de Galicia para solemnizar sus mas principales fiestas, le dan por antonomasia el titulo de Historia, con propiedad bien ajustada: de ordinario se executa mudamente. Las personas, vestidas con el traje y divisas correspondientes a su papel, se disponen en parejas, y puestas a cavallo salen por las calles, dirigiendose a la Plaza mas oportuna, en cuyo gyro dan pausadamente un paseo demostrando con algunas acciones y movimientos el significado de sus papeles. Viene ser ella como un retablo andante, o portatil, en que con Imagenes vivas, y figuras de vulto se hace visible la Historia que se expone al curioso. Otras veces se añade a lo dicho la viva voz con que en algunos puestos, o cantones del lugar por donde transita la Comparsa, recitan, en Theatros dispuestos a esse fin, un passage de la Historia⁴¹.

⁴⁰ Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2RBES0R>.

⁴¹ Publicado en Santiago sen indicación de autor (pero sen dúbida do cura de Fruíme) e titulado: *Débora victoriosa y la triunfante Jabel. Auto Cómico-histórico-sacro dispuesto para solemnizar la Fiesta de los Dolores Gloriosos de Maria Santissima en Fruime*, Imprenta de Pedro Frayz, Santiago de

No caso das comedias, representaron tamén os veciños, algún deles eclesiástico. A documentación municipal indica que o concello atopou que “ay falta de personas peritas para hazer algunos papeles en ellas, por que los que antes los solian hazer hauian pasado al grado eclesiástico”, polo cal procurou algunhas “personas de afuera” e pediulle ao arcebispo Monroy: “que se sirva dar licencia y permiso a algunos señores eclesiasticos para que entren en hazer algunos papeles en las comedias referidas”⁴².

1.2.3. Santiago

En Compostela, a cidade organizou unhas festas polo nacemento do príncipe nas que participaron o Concello, o Cabido, a Universidade, os gremios, as comunidades relixiosas da localidade e o colexio da Compañía de Xesús. Cando chegou a noticia do nacemento, o consistorio ordenou rapidamente (bando do 4 de setembro de 1707) alumar as rúas e aos veciños facer luminarias, e dispuxo unha oración de acción de grazas na igrexa de San Domingos de Bonaval:

Mandan los Señores Justicia y Regimiento desta muy noble y leal ciudad de Santiago, que todos los vecinos della oy Domingo a la noche pongan luminarias en sus bentanas en onrra y alabanza de auer dado su diuina Magestad (a luz a

Compostela, 1763. Antonio Palau y Dulcet, Atanasio López e Carlos Martínez Barbeito mencionan esta peza impresa en Santiago en 1763 que aparece referenciada en Madrid a finais do século XIX no *Boletín bibliográfico del movimiento mensual de las obras antiguas y modernas de la librería de la Viuda de Rico*. Non puiden atopala na actualidade en ningunha biblioteca; con todo, *El hablador juicioso y crítico imparcial...* de Madrid dá noticia da edición, comenta a obra con eloxios e cita parte do texto e do prólogo (comentario sobre a obra publicado en *El hablador* polo ficticio Abate J. Langlet. Madrid, Imprenta de la Real Gaceta, nº VI (1763), pp. 28 ss.), e tamén o dramaturgo e antólogo Juan José López de Sedano, autor dunha traxedia titulada *Jabel*, publicada en 1763 (Madrid, Imp. de Joachin Ibarra), afirma no prólogo da mesma coñecer a edición do *Auto* de D. Diego A. Cernadas.

42 AHPPPO. *Libro de Consistorios de 1707*, leg. 23-7, fol. 20r.

nuestra Reina que Dios guarde) un príncipe el día de San Luis veinteycinco de Agosto pasado deste presente año a medio día. Y lo cumplan unos y otros sin exención de persona alguna, pena de diez ducados...⁴³.

A pesar de “no tener propios y allarse sus provincianos guardando las plazas de las fronteras de Portugal y otros puertos”⁴⁴, comezaron tamén de inmediato os preparativos para unhas xornadas festivas oficiais, un *octavario* cuxo prato forte serían os fogos artificiais e unha corrida de seis touros a cargo de dous toureiros profesionais casteláns chamados a Galicia. Porén, estalou unha disputa entre o Consistorio, que quería facer a corrida na praza de San Xoán-San Martiño, e o arcebispo Antonio de Monroy, que se negou a permitila en San Xoán e esixiu que fose na praza do Hospital (Obradoiro), como era costume. A polémica alongouse (decenas de actas municipais de 1707 refírense a ela), e interveu a Real Audiencia. O Concello instalou as barreiras para a corrida na praza de San Xoán e foron derrubadas, e, finalmente, a corrida de touros municipal foi suspendida, aínda que a Universidade ofreceu unha o 22 de setembro no Obradoiro⁴⁵.

Os festexos deron comezo o 16 de setembro presididos por un retrato da raíña encargado ao pintor Francisco Couselo. Ademais de sermóns e oracións gratulatorias que levaron á imprenta⁴⁶, fixéronse “públicas demostraciones

43 AHUS, Fondo municipal, AM 91, *Consistorios de 1707*, segundo semestre, fol. 712r.

44 AHUS, Fondo municipal, AM 91, *Consistorios de 1707*, segundo semestre, fol. 751. O Concello de Santiago gastou na celebración do nacemento do príncipe máis de 20.000 reais, e para pagar a débeda cos cereiros e fogueteiros tivo que recorrer aos fondos dos arbitrios: “Por no aver otros y aver mandado S.M. y el señor marqués de Resbourg se hiciesen quantas demostraciones pedía semexante noticia” (AHUS, Fondo municipal, AM 92, *Consistorios de 1708*, primeiro semestre, fol. 2-15).

45 AHUS, Fondo Universitario. *Libro de Claustros 1702-1710*, fols. 421-427. Sobre a participación da Universidade nas festas de 1707, cf. Cabeza de León (1925).

46 A predicación converteuse nun dos principais instrumentos da propaganda de

de regocijo” e “otras fiestas que dispuso nuestra lealtad”. Saíron en procesión os xigantes da Catedral (consta que se lles fixeron mans novas para a ocasión), e fixéronse as danzas gremiais que eran habituais no Corpus, as Entradas dos arcebispos e outras festas cidadás. As actas municipais non mencionan a representación de comedias, pero si falan de “máscaras, moxigangas y juegos”, a cargo dos gremios, e constan nas contas do municipio pagos por un estrado na Quintana, distinto do dos fogos artificiais (Obradoiro) e do dos touros (praza de San Xoán), o cal debeu de utilizarse na representación das *moxigangas* gremiais⁴⁷, que en Santiago sabemos incluían en moitas ocasións *Historias*, como a de *San Jorge y el dragón* ou a *Historia del Señor Santiago a caballo como cuando fue lo del Rey Ramiro*.

guerra. Por medio dos sermóns, rogativas, accións de grazas, etc., lográbase unha rápida difusión dos postulados borbónicos e exhortábase o pobo para que achegase o apoio económico e militar necesario. As predicacións eran auténticas “funciones de guerra”, cuxos textos se difundían ademais grazas á imprenta (cf. Martínez Gil 2011). En Santiago imprimíronse en 1707 os seguintes sermóns: Bermúdez de Mandiá, Juan: *Sermón que en la solemnissima acción de gracias que celebró la insigne Universidad de Santiago, el día 27 de septiembre del año 1707, por el feliz nacimiento del deseado... Príncipe ... D. Luis Fernando Ginés / predicó Joseph Francisco Bermudez de Mandiá...*, en Santiago, por Jacinto del Campo en la imprenta de D. Benito Frayz, 1707 (también por Antonio de Aldemunde); Gil Taboada, Joseph (O.F.M.): *Sermon en accion de gracias por el feliz nacimiento del Serenissimo Príncipe de Asturias el señor D. Luis Fernando Gines el Deseado...*, por Antonio Aldemunde, en Santiago, 1707; González, Manuel, (O.F.M.): *Sermon en la solemnissima accion de gracias que celebró el Santo Tribunal de la Inquisicion desde Reyno de Galicia... por el feliz Natalicio de N. Príncipe el señor D. Luis Fernando Ginés el Deseado*, en Santiago, por Antonio Aldemunde, 1708; Puga, Gregorio Jacinto de: *El Rayo feliz. Oración gratulatoria al nacimiento de el Serenissimo Príncipe de Asturias D. Luis Fernando (que Dios guarde). dixola... Gregorio Iacinto de Puga, Predicador de la Compañia de Jesus de Santiago ... ; sacala a luz D. Gregorio Oxea y Ulloa, caballero de el Habito de Santiago...*, Santiago de Compostela, [s.n.], 1707, e Zúñiga y Villamarín, Eliseo de: *Oracion panegyrica / dixola ... D. Eliseo de Zuniga y Villamarin ... el dia catorce de septiembre ... al prospero, y feliz nacimiento, de nuestro desseedo Príncipe, Luis Fernando Gines, primogenito de ... D. Phelipe Quinto y ... Doña Maria Luisa Gabriela de Saboya...*, en Santiago : por Antonio de Aldemunde, 1707.

47 AHUS, Fondo municipal, AM 91, fol. 775.

1.2.4. Lugo

En Lugo, onde xa se fixeran festas e comedias en 1701 co gallo da proclamación de Filipe V⁴⁸, celebrouse tamén, en febreiro de 1707, a noticia do embarazo da raíña M^a Luisa e, con maior solemnidade, a do nacemento do príncipe Luís. Na acta do consistorio lucense do 7 de xullo de 1707 consta a existencia de preparativos para os festexos polo natalicio, e o encargo aos rexedores D. Carlos de Ulloa e D. José Baamonde de organizar a representación dunhas comedias para as festas.

A noticia do nacemento chegou a Lugo o 2 de setembro por carta do Capitán Xeneral de Galicia, marqués de Risbourg, e no mesmo día comezaron as demostracións festivas con luminarias e fogos artificiais. O 17 de setembro recibíuse unha carta do Rei ordenando facer festas polo acontecemento, pero xa o día 3 o concello comisionara o rexedor Pardo Sanjurjo “para hacer conducir a esta ciudad los toros con la mayor brevedad, y los señores a los que esta encomendado hagan cerrar la plaza para su corrida, y se adelanten las disposiciones de comedias, fuegos y restantes fiestas previstas, para que desde hoy se continuen y prosigan”.

Foron en total nove días de festexos: “en que se adelanto esta ciudad y sus vecinos en todo lo que pudieron alcanzar las fuerzas, con festejos publicos por termino de nueve dias en luminarias, saraos, toros y comedias, rogando a Nuestro Señor aumente a sus magestades y al señor principe en las mayores prosperidades que necesitan sus fieles y leales vasallos”⁴⁹.

48 Véxase a miña ficha: <https://bit.ly/2HIS4rS>

49 AHPLU, *Libro de Consistorios de 1707*. Leg. 36. Actas de 07/07/1707, 03/09/1707 e 17/09/1707. Cf. Abel Vilela (1999: 309-310).

1.2.5. Outras vilas

Non foron só as cidades galegas importantes as que fixeron festas en 1707. Tamén as vilas pequenas esforzáronse en demostrar a súa lealdade a Filipe V festexando a noticia do embarazo da raíña, as vitorias borbónicas e, especialmente, o nacemento do príncipe Luís.

Vigo, que a principios do século XVIII non chegaba aos 1500 habitantes, celebrou en febreiro de 1707 a noticia do “preñasgo de Nuestra Reyna”, en maio a vitoria de Almansa e en xuño “la toma de Valencia y otras plazas del de Aragon”. En todas esas ocasións fixéronse “las fiestas y luminarias acostumbradas”: os veciños alumaron as xanelas das súas casas con “luminarias y velas que se estila en semejantes actos”, puxéronse tamén velas no “balcon y bentanas del consistorio” e na “torre de las campanas y reloj”, e houbo “foligones y danza” con “gaytero”⁵⁰.

En setembro fixéronse tamén festas polo nacemento do príncipe Luís, pero neste caso foron uns festexos extraordinarios que incluíron representacións teatrais. O concello de Vigo, “aguardando el felix subseço del parto de Nuestra Reyna y Señora, que Dios guarde”, tiña preparadas desde agosto as celebracións e o día 13 do devandito mes acordou, “sin embargo de los pocos medios con que se alla”, pedir prestados mil reais para comprar fogos artificiais, “ademas de las comedias, mascararas, luminarias, moriscas y mas invenziones que para dicha zelebrazion se estan previniendo”⁵¹. Como en Pontevedra, Ourense, Lugo e A Coruña, a representación das comedias debeu de correr a cargo dos gremios e/ou de actores semiprofesionais.

En Ribadeo, “el dia que lleo la noticia del preñazgo de nuestra Reyna y Señora” o concello iluminou as Casas

50 AMV, *Libro de acuerdos municipal de 1707-08*, PLE-16, fols. 42 e 58r. Véxase tamén a nota 31.

51 AMV, *Libro de acuerdos municipal de 1707-08*, PLE-16, fol. 65.

Consistoriais con velas e houbo lumeiradas e música⁵², e o 5 de xullo de 1707 acordou festexar o parto da raíña, cando chegase a noticia, con fogos artificiais, luminarias, máscara e dúas comedias, que encargaron aos mozos da vila e para as cales se ordenou levantar un escenario:

Acordaron que por quanto se espera la feliz noticia del buen suceso del parto de la Reina nuestra Señora, y es justo que se regocije con alborozo, i demostracion publica en fuerza de la buena Lei i fidelidad de tan fieles y leales vasallos como an sido i son los vezinos de esta Billa a su Magestad el señor Felipe quinto, que Dios guarde y prospere, encargaron al dicho Procurador General aga traer de la ciudad de Santiago algunos fuegos de manos para celebrar la noticia, i acompañar el festejo de dos comedias que estan encargadas a la gente moça a quienes asistira asimismo para acereles el tablado, i asimismo se le encarga ablar con los gremios de esta billa para que cuando llegue el caso de la noticia que se espera formen una Mascara, y entre los particulares se ajusten las parejas en la mejor forma que se pudiere y asimismo que aquella noche pongan luminarias en las ventanas⁵³.

Nas mesmas actas municipais de 1707 (libro 14.05, fol. 63v) hai unha conta de gastos na cal figuran os fogos artificiais traídos de Santiago (240 reais), touros que se correron diante das casas do concello (houbo tamén corridas de patos e dun carneiro), e un pago de 64 reais por “algunos refrescos que se dieron a los recitantes de las dos comedias en el descurso de ensaios y días que recitaron”⁵⁴.

O concello de Viveiro fixo tres xornadas de “Fiestas Reales” polo “beneficio de la Real sucesion en el nacimiento de nuestro Principe” os días 18-20 de setembro de 1707. Consérvase a oración de acción de grazas que pronunciou

52 AMR, *Actas municipais de 1707*, libro 14.05, fol. 63v. O concello pagou por elas 22 reais.

53 AMR, *Actas municipais de 1707*, libro 14.05, fol. 30r.

54 AMR, *Actas municipais de 1707*, libro 14.05, fol. 63v.

en San Domingos o franciscano Gregorio Montenegro y Valdés, impresa en Madrid en 1709⁵⁵, que no prefacio afirma que houbo nas festas “regocijos corporales”. Incluíron estes os habituais fogos artificiais, procesións, misas, luminarias e salvas, e a representación de catro comedias e unha loa cuxos gastos pagou a corporación o 18 de xaneiro de 1708 segundo afirma Jesús Gómez Noya nas súas *Efemérides vivarienses*⁵⁶.

As representacións deberon de facelas os veciños e sabemos que as comedias eran habituais na vila nas festas máis destacadas. En 1671 fíxose un “Auto Sacramental y varios sainetes” nas festas pola canonización de Fernando III, e en 1724, co gallo da proclamación de Luís I como rei, houbo en Viveiro touros e comedias⁵⁷.

Hai tamén noticias de festas noutras vilas, pero os datos documentais son fragmentarios e non sabemos con seguridade en que consistiron. En Mondoñedo, por exemplo, a cidade celebrou o 19 de febreiro de 1707 o “singular beneficio del preñazgo” da raíña (con luminarias, fogos artificiais, danzas, touros, máscara e función relixiosa)⁵⁸, en xuño a vitoria de Almansa (con *Te Deum*, misa e procesión), e a finais do verán a noticia do nacemento do príncipe Luís, a cal chegou á vila o 6 de setembro. Sabemos que se fixo unha solemne procesión do cabido, as comunidades relixiosas, a cidade e os gremios, seguida dunha misa pontifical na catedral⁵⁹. Non consta

55 *Accion de gracias a Dios, por el feliz parto de la reyna... Doña Maria Luisa Gabriela Emmanuel de Saboya,... Esposa del... Señor Rey el Señor Don Phelipe Quinto... en el nacimiento del Señor Don Luis Fernando de Borbon, Príncipe de Asturias / dixola...Gregorio Montenegro y Valdés..., en el tercer día de Fiestas Reales, que hizo la siempre Leal, y Real Villa de Vivero, que fue el 20, de Septiembre de 1707.* Madrid: Juan Garcia Infançon [s. a., con licenzas de 1709].

56 Cf. Arcay Barral (2016-2017: 474).

57 Cf. Noya González (1918: 3).

58 Acta municipal de (13/02/1707). Cf. Lence-Santar (1911).

59 ACM. *Actas capitulares*, vol. 15, fol. 256r, 268v, 277v, 278v e 281r. Cf. Cal Pardo 2003: 699 e 703.

neste caso a existencia de representacións teatrais, aínda que temos noticias delas en Mondoñedo nesa época a cargo dos gremios e de estudantes⁶⁰.

Semellante é o caso de Tui, cidade que celebrou as vitorias de Filipe V en Aragón e Valencia, a batalla de Almansa e o “beneficio del preñado de la Reyna” con luminarias, salvas, repique de campás, misa con *Te Deum* e procesión da cidade con maceiros e porteiros “en forma capitular”, o cabido e os gremios, acompañados por “musica, chrimias y baxones”. Houbo tamén festas pola “feliz noticia de auer dado luz la Reina Nuestra Sra. un prinzipe”, noticia que se recibiu en Tui a principios de setembro por cartas do rei e do marqués de Risbourg datadas o 30 de agosto. O rei solicitaba na súa que: “se hagan las demostraciones de alegría que se acostumbra; con el tenor y deuota disposición que corresponde a la importancia del asunto”, e Risbourg pedía tres días de salvas de artillería polas noites, sen dúbida para que se decatasen os portugueses.

Como nas festas anteriores despacháronse mensaxeiros a todas as vilas da provincia comunicando a boa nova e solicitando fixesen festas na medida das posibilidades de cada unha, e os pregóns proclamaron a noticia ao son de “clarines y atambores”. A cidade “luego paso a hacer las demostraciones públicas de gran lealtad en festejos”, nos que se repetiron os actos habituais, coa única mellora de que foron tres os días nos que se celebraron misas solemnes pero sen mención nas actas da existencia de representacións teatrais⁶¹.

No caso de Betanzos, consta tamén a celebración da vitoria de Almansa con “luminarias y mas demostraciones publicas que en tales casos se estilan” (luces nas xanelas,

60 Véxase a miña base de datos: <https://bit.ly/2Tejq4A>

61 AMT, *Libro de acuerdos municipales* de 1707. UI 5661-2 (olim 828), fols. 32r-56r.

fogos artificiais e *Te Deum* na igrexa dos Remedios)⁶², pero o libro de actas municipais de 1707 está incompleto, faltan as actas do segundo semestre e non sabemos como foron as festas polo nacemento do príncipe Luís.

1.3. FESTA E PROPAGANDA

*Demostracion de su incontestable fidelidad queda, prosiguiendo las fiestas publicas para alentar al pueblo*⁶³.

A extraordinaria profusión de festas e representacións teatrais nas cidades galegas en setembro de 1707, paralela á que se produciu nos restantes territorios borbónicos, forma parte dunha potente campaña de propaganda filipista no contexto da Guerra de Sucesión. O nacemento dun herdeiro consolidaba a posición política de Filipe V e era unha ocasión perfecta para despregar recursos festivos e teatrais que contribuísen a galvanizar as vontades en tempo de guerra, identificando os inimigos da monarquía borbónica como herexes protestantes e inimigos da Fe e acusando a Portugal de seguirles o xogo. Ambos os bandos foron conscientes, desde o comezo do conflito, de que para afianzar as súas posicións non abondaba conquistar territorios e obter vitorias militares, xa que o realmente importante era conseguir a adhesión do pobo á súa causa. Para iso eran probablemente máis útiles as letras que as armas, e dentro da estratexia de guerra publicística a *Festa* era un recurso perfecto para atraer a poboación e facer pedagogía política por medio da diversión⁶⁴, e o teatro un

⁶² AMB, *Libro de actas capitulares de 1707*, fol. 108.

⁶³ AMC. *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 196r. Acta de 04/09/1707.

⁶⁴ Roberto López López documenta, soamente en Santiago, 38 festexos con resonancias militares durante o reinado de Filipe V (cf. López López 1999: 913).

medio ideal para apelar ás emocións e influír na percepción da realidade.

Isto era probablemente necesario en Galicia, xa que desde a entrada de Portugal no conflito houbo algunhas manifestacións austracistas, e as cargas impositivas da guerra, as levas, a ameaza naval inglesa e as escaramuzas cos portugueses na fronteira xeraron descontento na poboación. Incluso algunhas autoridades manifestaron o seu desgusto, porque os custos da maquinaria de guerra afectaron á facenda das entidades locais, e quizais as xenerosas ofrendas de comida e bebida que os personaxes do *Entremés* de Roel prometen levar ao *Miniño* real, “antes co imberno veña”, servisen para concienciar a poboación sobre a necesidade de contribuír ao esforzo de guerra.

A lealdade e a fidelidade do Reino de Galicia, reiteradamente mencionadas na publicística borbónica e na documentación galega, parece que necesitaron para manterse tanto da coerción exercida polas autoridades como dunha serie de mecanismos de persuasión social que incluíron panfletos políticos, papeis festivos, oracións de acción de grazas, sermóns e unha variada gama de rituais cívicos cos que se buscaba a mobilización da sociedade e o afianzamento dos vínculos de cohesión entre os estamentos e entre as diferentes institucións políticas e relixiosas, unidos todos pola causa filipista. Con todo, non é doado valorar a eficacia persuasiva desta campaña, e no caso dos *villancicos* ourensáns en “ayre de guerra” ou os composteláns de José de Vaquedano que apelan ao Santiago guerreiro e á retórica bélica, cabe preguntarse se as súas letras e a música, que aspira a remedar o fragor da batalla, moveron cara á guerra os ánimos do público ou se foron simplemente ocasión de asombro e xúbilo⁶⁵.

65 Cf. Díaz Fernández / Villanueva Abelairas (2002: XXII-XXIII), e López López (2007: 50-51). Son poucos os testemuños da recepción dos festexos. Un século máis tarde, en 1812, o alcalde de Noia, falando das festas no xuramento da

É evidente a intención político-propagandística das festas cívicas pero parece que o estrondo dos fogos artificiais e dos folións non puido acalar completamente os austracistas nin impedir revoltas e motíns puntuais provocados polas malas colleitas, as levas de soldados, os impostos extraordinarios (donativos de guerra) e a carga constante que supoñía o avituallamento e aloxamento de tropas nun conflito que chegou a parecer interminable. Mesmo nunha obra claramente propagandística e laudatoria de Filipe V como o *Entremés* de Roel, deslízanse alusións indirectas aos “treidores e falsarios” (l. 408) e aos “trabucos, levas” e “pillaje” (l. 264-265).

Aínda que a Guerra de Sucesión tivo lugar nunha conxuntura económica e demográfica en xeral favorable para Galicia, en 1709-10 viviuse unha crise económica e sanitaria e o discurso da publicística borbónica non foi monolítico nin todos viron con bos ollos as reformas administrativas, o crecente regalismo e o aumento da presión fiscal polas necesidades da guerra, do cal se culpaba os conselleiros estranxeiros como Orry e Orsini, e os seus colaboradores (en Galicia, desde 1712, o conde de Medina y Contreras e o marqués de Montesacro). No verán de 1709, despois do terrible “gran inverno” de 1708-09, a paz social estalou en Galicia porque a pésima colleita provocou unha crise de abastecemento de grans co consecuente incremento dos prezos, e polos rumores, non de todo infundados, sobre barcos franceses que, axudados por especuladores nos portos galegos, sacaban os cereais para vendelos en Portugal. O resultado foron motíns populares na Coruña, en Caión (A Laracha), en Lugo e en Compostela (motín de San Roque), seguidos por

Constitución de Cádiz, di: “El conjunto de todas estas escenas oportunamente representadas, causó en el concurso toda la sensibilidad que se deseaba, y fue objeto del plan”, pero é unha apreciación interesada porque o alcalde Manuel Armero foi o organizador dos festexos.

novos conflitos en 1710 coincidindo coa aparición dunha epidemia e o intento de impoñer un donativo de 12 reais por veciño⁶⁶.

Todos eles foron motíns de subsistencia, non de natureza política, pero en 1709 as iras dos amotinados dirixíronse contra a nova clase dirixente borbónica, e en Santiago, onde se produciron saqueos, incendios e algúns mortos, a casa do marqués de Montesacro foi incendiada e roubada, levándose a turba “alhajas, papeles, oro, prata y preseas”. O marqués, Diego de Zárate y Murga, pertencía á nova nobreza creada por Filipe V, era asentista de correos e máis tarde sería administrador do superintendente de rendas reais (= *Intendente General*) conde de Medina y Contreras, dous personaxes (“Lobos de Galicia” chámaos un panfleto de 1712) detestados tanto polo pobo como polas autoridades locais.

Tamén as levas de soldados provocaron o descontento popular, aínda que nunca se levaron a cabo completamente os recrutamentos previstos, pola resistencia obstrucionista das autoridades locais e a fuxida e deserción de moitos mozos. Con todo, o malestar polas recrutas de soldados, que ademais se sacaban de Galicia deixándoa desprotexida fronte aos portugueses⁶⁷, é evidente mesmo entre as

66 Sobre o motín de San Roque, cf. Pérez Costanti (1925-27: III, 281-291), Eiras Roel (1965) e Martínez Martínez (2009). Para os motíns da Coruña, cf. López Díaz (2009). No caso de Lugo, os motíns de principios de xullo foron provocados polas sacas de grans para Asturias, como demostra a documentación aportada por M^a López Díaz (AHPLU, *Libro de Consistorios de 1709*. Leg. 38. Acta de 10/07/1709).

67 As queixas polo envío dos terzos ou rexementos do Exército de Galicia ás fronteiras de Castela e Estremadura son frecuentes (cf. Tourón Yebra 1995: 58 ss.), o mesmo que os intentos das autoridades galegas para impedir a saída de soldados do reino, poñéndoo como condición para efectuar os recrutamentos, condición que a Corte aceptaba pero logo incumpría. Tanto as cidades como a *Junta*, a Igrexa e os propios Capitáns Xenerais de Galicia claman ante o estado de indefensión do país, un queixume que aparece xa en 1702 como consecuencia da derrota de Rande (*Llanto de la flota por una ninfa gallega*, obra do Padre Benito J. Feijoo ou do seu irmán Anselmo). É verdade que unha invasión portuguesa en toda regra non achase resistencia posible, o mesmo que non a

autoridades e deu lugar a algunha revolta menor como a que se produciu en Santiago en 1720: protestando pola aprehensión dun estudante para unha leva, os seus compañeiros concentráronse dando berros fronte ao Concello e o alcalde saíu cuns voluntarios armados para disolvelos, obrigando aos estudantes a refuxiarse no Hospital Real⁶⁸.

1.4. A GUERRA DE SUCESIÓN NO ENTREMÉS

*Apostolo Santiago,
que bos achastes na guerra,
ajudad o noso Rey,
pois que po la Fè pelea⁶⁹.*

Na primeira parte do *Entremés* de Roel os tres protagonistas masculinos parolan sobre o curso da guerra con repetidas alusións aos portugueses, á súa derrota en Almansa que os deixara “todos tristes coma a noyte”, e á súa suposta incapacidade militar:

que todos son us cuytados.
Non teñen habilidade
se non para andar tocando
vn Rebeque pola Vila
con seu Espadin o lado
e mais para comer Dulces (ls. 98-103).

acharía unha marítima anglo-holandesa. Con todo, Galicia só foi unha fronte secundaria no conflito e os portugueses nunca pasaron das escaramuzas e os simulacros de invasión fronteirizos, a diferenza do acontecido na Guerra de Restauración (1640-1668), na que moitas vilas fronteirizas galegas foron ocupadas ou saqueadas polos portugueses.

⁶⁸ Cf. Iglesias Estepa (2007: 143).

⁶⁹ *Entremés*, ls. 473-476.

Os homes refírense tamén ao simulacro de invasión portuguesa de 1707, na cal tropas reunidas en Alcobaça, a maioría milicias mal adestradas, ameazaron con invadir Galicia pola zona de Verín e por Celanova, aínda que finalmente limitáronse a pequenas incursións para roubar gando e o único intento medianamente serio de penetración no territorio galego, por Milmanda en dirección a Celanova, foi rexeitado⁷⁰:

diz que alò por Monte-Rey,
todos postos en seus Facos,
quijeron entrar acò,
pero que estaban tembrando
que lles quentasen o lombo
e por esso non entraron... (ls. 105-110)

Con todo, os tres manifestan certo temor ante unha posible invasión en toda regra por parte de Portugal (“Ay, nunca che el acò chegue!”), conscientes da indefensión do reino e da falta de formación militar das milicias populares que os Capitáns Xenerais se viron obrigados a mobilizar ante a falta de soldados profesionais para defender a

70 Cf. Tourón Yebra (1995: 75), e Fernández Gasalla (2018: 852). As incursións portuguesas na zona de Monterrei-Verín comezaron en 1704 e repetíronse case todos os anos a cargo das tropas do conde de São João (Luís Bernardo de Tavora (1676-1718), V conde de São João da Pesqueira), que chegou a cobrar contribucións a algunhas aldeas galegas fronteirizas para non saquealas. En xeral o exército galego, escaso de efectivos e mal equipado, mantívose á defensiva fronte aos portugueses, pero as tropas de José de Arteaga, gobernador da fronteira na zona de Monterrei, fixeron algunhas incursións de represalia como a de outubro de 1704 na que saquearon varias aldeas en Portugal regresando con 200 cabezas de gando. En setembro de 1707, o marqués de Risbourg tivo que desprazarse á zona de Ourense, con moi escasos efectivos, para facer fronte á ameaza de invasión, e obtivo una vitoria relativamente importante en Acevedo (cf. Fernández Alonso 1893: 102-103; Saavedra Vázquez 2012: 118-119 e Fernández Gasalla 2018: II 767 e 845 ss.). Para as incursións e escaramuzas na fronteira do Miño véxase Lago Almeida (2013).

fronteira e as costas de Galicia⁷¹. Alberte fai nun dos seus parlamentos un chamamento a disporse para a milicia:

Homes, no ay que descuydarnos.
Vamos prevenir os chuzos,
os alcabuces e frascos,
porque vn home prevenido
jà sabès que val por catro (ls. 60-64).

Responde máis tarde Afonso, sumándose pero recoñecendo a súa falta de preparación no uso de armas de fogo:

Alberte, falemos craros:
nosoutros temos a culpa,
que, se foramos armados
con aguilladas e chuzos,
ouberàmos de botalos
alò para en cas de Iudas.
Esso si, mais non estamos
no[s]outros nas armas destros (ls. 112-119).

Ao cal Alberte, entusiasta, contesta apelando á disposición natural dos galegos:

Non importa, que en tal caso
tirando sen reparar
moytas veces acertamos,
e mais calquera Gallego

71 Os Gobernadores non eran partidarios de convocar as milicias, mal preparadas e pouco efectivas, pero víronse obrigados a recorrer a elas nos períodos nos que o exército galego foi trasladado ás fronte de Castela. A mediados de agosto de 1707 avistárase na Coruña unha escuadra inglesa, que pasou de largo (AMC. *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 174. Acta de 14/08/1707) pero incrementou a psicose de posibles ataques por mar (anos máis tarde diría o Capitán Xeneral: “en Galicia cualquier convoy creen que es escuadra de navíos de guerra”). Sobre a situación da defensa de Galicia na Guerra de Sucesión e o papel das milicias, cf. Saavedra Vázquez (2012) e Fernández Gasalla (2018: 729 ss).

con duas lizòs ou catro
acerta moy lindamente (ls. 120-125).

O entusiasmo de Alberte ten claramente unha intención propagandística, e non se corresponde con “la rrepugnacia natural que se alla en los paysanos para este genero de servicio”, recoñecida polo concello coruñés a finais de agosto de 1707⁷². Parece que o chamamento teatral non tivo moita eficacia, e cando a mediados de setembro o marqués de Risbourg ordenou escoller corenta veciños para engrosar a guarnición da cidade, “los naturales se quexaron (...) que de ellos se sustentaban las mugeres e hixos, del sudor y trabaxo diario del marido, y que faltandoles no pueden conserbarse”, e o concello deixou clara a súa oposición ao recrutamento dicindo que: “fuera lamentable cosa que quando los naturales han extinguido tan abominable y pessado yugo con contribuciones y servicio a su Magestad con quatro mill hombres sustentados (...) bolviessen a la servidumbre antigua”⁷³.

Na publicística galega da época da Guerra de Sucesión destaca a utilización do Apóstolo Santiago como referente guerreiro simbólico e adañil contra os austracistas, do mesmo xeito que o fora contra os musulmáns na Idade Media. A lenda do Apóstolo guerreiro defensor da Fe e dos reis cristiáns na batalla formaba parte da mitoloxía primixenia e lexitimadora da monarquía hispana desde o século XII e agora recupérase como fonte da lexitimidade de Filipe V. No *Entremés* de Roel faise alusión directa ao Apóstolo guerreiro na canción final (ls. 473-476, cf. a cita que encabeza este capítulo), e invócase o seu nome nos diálogos en dúas ocasións:

72 AMC. *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 188r. Acta de 31/08/1707.

73 AMC. *Libro de actas de acuerdos municipales de 1707*, sig. C-30-1, fol. 208. Acta de 19/09/1707.

Fío do Señor Santiago
 que han de beyjar a correa
 todos esses rebelados (ls. 166-168)

...e do noso Rey Felipe,
 a que Santiago o defenda (ls. 406-407)

O ton das referencias ao Apóstolo é neste caso moderado, pero en Compostela non faltan testemuños máis exaltados como o do xesuíta Gregorio Jacinto de Puga, que no sermón titulado *El Rayo Feliz* chega a afirmar que: “El señor don Luis Primero es pariente del Señor Santiago (...) en sus reales venas colorea la sangre de aquel guerrero Apostol (...) el hijo de Philippo, es también hijo del trueno, y Boanerges Español”⁷⁴.

1.5. GALICIA E OS PORTUGUESES NA GUERRA DE SUCESIÓN

*Eu renego do Demo
 e de a xente Luterana,
 que à la Europa la han perdido,
 solo por ver si mais ganan*⁷⁵.

Xa mencionei que no *Entremés* de Roel hai varias alusións aos portugueses, “cruès” e “inchados”, os cales son

⁷⁴ Puga, Gregorio Jacinto de, *El rayo feliz: oración gratulatoria al nacimiento de El Serenísimo Príncipe de Asturias D. Luis Fernando...*, Santiago, [s.a.], 1707, pp. 18-19. Non pode estrañar que en Santiago florecesen as invocacións esaxeradas, e ata ridículas, ao Apóstolo guerreiro, xa que da *veracidade* da súa lenda dependían os privilexios xurisdicionais e económicos da Catedral compostelá, a cal, por acordo do arcebispo e o cabido, equipou e armou un rexemento de cabalería para a guerra en 1703, denominado *Rexemento de Santiago*, e en 1707 armou outro, o *Estrela* ou *Santiago novo*.

⁷⁵ *Carta segunda del Marques de las Minas, general, que fue del Exercito de Portugal, quando entrò en Castilla, y Madrid año de 1706. Al General Cuido [sic. =Guido] Estaremborg General del exercito de los aliados, à la entrada en las Castillas*. Impreso en Lisboa (en realidade, Madrid), año 1710, p. 6.

presentados en asociación cos “Diabros”, comparados con “Lusafel” [= Lucifer], e “amofinados” tras o parto da Raíña e a batalla de Almansa, na cal a derrota se atribuíu por algúns á desbandada da cabalería portuguesa e aos erros tácticos do xeneral portugués Antónío Luís de Sousa, marqués das Minas.

Non sabès que o Portugues,
que de rabia està bramando,
quer poñer a nosa terra
vnha guerra d[os] Diabros? (ls. 47-50)

mais fan coma Lusafel,
que sempre quedan debaixo (ls. 95-96)

Non poden estrañar estas alusións xa que Portugal se unira en 1703 á Alianza da Haia e acollera o arquiduque Carlos en Lisboa, participando as súas tropas na toma de Madrid en 1706, na campaña de Levante e en incursións fronteirizas en Estremadura, Andalucía e o sur de Galicia. Asociar os portugueses cos demos cadra tamén no contexto da publicística borbónica, que se esforzou en converter o conflito nunha guerra de relixión entre o catolicismo e os *bereges* luteranos, aos que Portugal facía o xogo instigado polo demo. A propaganda filipista insistía en que os aliados tiñan o demo nos seus corpos e, como consecuencia diso, as súas almas terminarían no Inferno, e facíao non só en territorio borbónico, senón tamén infiltrando a súa mensaxe na retagarda inimiga como o proban varios papeis satíricos en portugués e especialmente un romance no que o marqués das Minas, xeneral luso derrotado en Almansa, *arrepíntese* de ter tomado partido polo arquiduque Carlos, o cal:

O Demo en o corpo tein,
porque xa tanto se calla:
e pregue a Deos naon demos

con os ovos en as brasas.
 O senhor Felipe Quinto,
 que es Marte, e anda en España,
 as cervizes vay postrando
 de as xentes Luteranas...⁷⁶

Esta liña de argumentación propagandística que identificaba os inimigos de Filipe V co demo⁷⁷ utilizou o teatro, os romances e a literatura popular para difundirse, e abonda citar os títulos dalgúns dos textos impresos na época para probalo: *Junta de diablos, y asamblea en el infierno...*, *Astucias de Lucifer y desengaños de los Aliados*, ou a comedia *Rey decretado en el Cielo y astucias de Lucifer*, de Rodrigo P. de Urrutia, conservada na mesma recompilación filipista madrileña de 1712 na que se atopa o *Entremés* de Roel.

Porén, parece que en Galicia houbo tamén adeptos ao arquiduque e o que, se cadra con algún exceso, poderíamos denominar un *partido portugués*. Xa en 1704 o concello de Santiago ordenara a detención dun “forasteiro” que se aloxaba na casa dun confeitiro portugués por difundir noticias derrotistas sobre a marcha da guerra⁷⁸, e sabemos que nunha das noites dos festexos que se celebraron en Santiago en setembro de 1707 para celebrar o nacemento do príncipe, unha “cuadrilla de embozados” atreveuse a dar vivas ao arquiduque Carlos⁷⁹, e iso a pesar de que en 1706 o concello mandara levantar unha forza na Praza do Campo para intimidar a quen ousase “hablar cosa que no sea del

76 *Carta segunda del Marques de las Minas...*, p. 4.

77 Cf. González Cruz (2004).

78 Cf. Suárez Golán / Lago Almeida (2011: 229), e Fernández Gasalla (2018: 754-755).

79 Ao parecer tratábase de clérigos “desafectos”, en desacordo coa imposición do pago dun donativo de guerra ao clero e coa crecente tensión entre Filipe V e o papado, os cales difundiron “noticias melancólicas” sobre a marcha da guerra. Nos alborotos quizais participaron tamén algúns rexedores e outros membros do concello (cf. Eiras Roel / Portela Silva 2005: 15, e López López 2010: 188).

mayor respeto y veneracion a nuestro invictisimo Monarca”. Houbo, pois, en Santiago propaganda austracista, o cal xustifica a decisión do Concello de publicar un bando o 16 xullo de 1706 que convidaba a delatar os seus autores:

En este ayuntamiento dichos señores dijeron haber llegado a su noticia que a deshora de la noche se oyeron algunas voces descompuestas y poco decorosas al respeto y veneracion que se debe a nuestro rey y señor don Felipe Quinto, las cuales pueden ocasionar inconvenientes graves. Y aunque no se presume que ningun natural de este Reino haya tenido osadia para ello, se publique bando para que ningun vecino, morador o habitante en esta ciudad hable ni diga cosa que disuene a la fidelidad que debe a nuestro rey y señor, y que debajo de graves penas se de cuenta hallando noticia de la persona o personas que hubieren cometido o cometieren semejantes delitos para darles el castigo conveniente, para lo cual se ponga una horca enfrente estas casas consistoriales y se publique poniendose copia del bando en estas casas de ayuntamiento y mas partes acostumbradas⁸⁰.

Bando... Hasse saver a todas las personas estantes, vecinos y moradores de esta ciudad y su provincia, que si acaso oyeren o supieren que alguna persona de qualquier estado y calidad que sea, dice o intenta hacer persuadir o hablar cosa que no sea del mayor respeto, veneracion y obediencia a nuestro invictisimo monarca, propio dueño y legitimo rey D. Felipe quinto (que Dios guarde), lo benga a manifestar y declarar a esta noble y fidelisima ciudad para que (...) se proceda en la averiguación dello y se pase luego al castigo merecido de tan infame delito, que no se espera, cree, ni persuade, cometa ninguno que sea natural de este fidelisimo reino, como el de Galicia, en quien se considera aquella nobleza antigua, heredada fidelidad y amor a sus reyes y señores naturales (...), para lo cual se fixe la horca en la plaza publica desta Ciudad. Y para que benga a noticia de todos se manda publicar...⁸¹.

80 AHUS, *Fondo Municipal*. AM-89, fol. 607r.

81 AHUS, *Fondo Municipal*. AM-89, fol. 602r. Cf. Ferro Couselo 1925: 135 e Pérez Costanti 1925-27: II, 297.

Estas medidas parece que non amedrentaron os austracistas, e o 26 de xullo uns frades portugueses de San Martiño Pinario foron acusados de falar “con alguna yndecensia de nuestro Rey y señor Don Phelipe Quinto (que Dios guarde) persuadiendo a todas las personas que con ellos ablan con proposiciones escandalosas a favor del Archiduque”⁸². Polas mesmas datas, e probablemente en relación con estes episodios, as cidades galegas recibiron unhas falsas cartas de Filipe V, cuxa autoría se atribuíu máis tarde a axentes portugueses⁸³, nas que se eximía o reino de Galicia de todos os tributos agás os do sal e o tabaco, e ordenábase a detención do Gobernador e Capitán Xeneral, o duque de Híjar, como culpable da mala defensa do reino. Tomadas nun primeiro momento como auténticas por varias cidades, provocaron o enfrontamento con Híjar na Coruña, a detención e encarceramento de numerosos rexedores

82 AHUS. *Fondo Municipal*. AM-91, fol. 750. Cf. López López (2007) e Suárez Golán / Lago Almeida (2011). Os acusados foron castigados con pena de incomunicación pero o abade de S. Martiño, Pedro Magaña, non tomou máis medidas, aínda que se mostrou disposto a facelo se a cidade non se daba por satisfeita. A cousa parece que non foi a maiores, pero en maio do ano seguinte o marqués de Risbourg recibiu orde do ministro Grimaldo mandando que os eclesiásticos que fosen apesados como “disidentes” quedaran baixo a xurisdición da Xunta do Breve Apostólico e do ordinario da provincia. Os dous bandos preocupáronse por atraer ao seu partido o estamento eclesiástico, que desde o inicio da contenda se mostrou moi activo na defensa dun ou doutro candidato. No caso das forzas da Alianza da Haia, sabemos que desde o comezo da intervención na Península en 1702 fixeron esforzos para recrutar o clero portugués para a causa austracista, e tamén na América Española están documentados intentos de infiltración de partidarios do arquiduque nas ordes relixiosas. Nos territorios casteláns parece que o clero secular, desde o baixo clero ás altas xerarquías, decantouse maioritariamente pola opción filipista, mentres que o clero regular, coa excepción dos xesuítas, non mostrou unha actitude de apoio clara cara ao Borbón e hai casos de adhesións ao arquiduque. Na Coroa de Aragón, pola contra, foi maioritaria a tendencia austracista entre o baixo clero e os regulares (especialmente en Cataluña e Valencia), mentres que os xesuítas permaneceron fieis a Filipe V, o mesmo que unha boa parte das altas xerarquías eclesiásticas, destacando o caso do arcebispo de Zaragoza.

83 Híjar culpou o “comisario ordenador” do exército, Arias Porres, e o Tenente do Rey da Coruña, Roberto Santa María Piñeiro. Sobre o asunto das cartas falsas, cf. Eiras Roel / Portela Silva (2005: 44-47), e Fernández Gasalla (2018: 815 ss).

galegos e, ao cabo, a substitución do duque polo marqués de Risbourg, unha de cuxas primeiras decisións foi indultar os presos polos sucesos de xullo e agosto de 1706.

Pode ser que unha das razóns que explique a insólita profusión de impresos, festas e representacións teatrais durante os anos 1707-10 sexa, ademais de elevar o ánimo da poboación, combater as tendencias austracistas e portuguesas⁸⁴. Certo que os datos que temos apuntan a manifestacións puntuais, minoritarias e illadas, pero resulta imposible precisar as súas dimensións reais. No caso dos alborotos de 1707 en Compostela a Audiencia enviou á cidade un oidor, que fixo pouco por esclarecer os feitos, pero deberon de ter suficiente importancia como para que o Capitán Xeneral, marqués de Risbourg, se desprazase a Santiago en outubro de 1707 para investigar persoalmente o alcance das “vozes” que se oíran na cidade a favor do arquiduque e castigar os culpables⁸⁵.

A fidelidade de casteláns e galegos a Filipe V é un tópico na documentación da época, e os publicistas borbónicos situaron a fidelidade, concepto esencial nun conflito de natureza cambiante como o foi a Guerra de Sucesión, como idea central do seu discurso e da súa acción política⁸⁶. Nos primeiros anos do reinado de Filipe V, a publicística borbónica celebra o amor dos súbditos polo seu Rei, pero desde 1705 o discurso político esfórzase en enxalzar a lexitimidade borbónica e a lealdade da poboación⁸⁷, aínda que non pode ocultar a existencia de disidentes e no caso galego temos algúns testemuños da penetración da

